

EDICIÓN
V

**LÉREZ
UP**

**12-13
SETEMBRO**

Recinto Feiral de Pontevedra

**Salón do videoxogo
e da cultura friki**

**GUÍA PARA
O VISITANTE**

ORGANIZA

PATROCINA

PLATINO

OURO

PRATA

BRONCE





A **Lérez Up** nace como un **punto de encontro** para os apaixonados da cultura xaponesa ou coreana, os videoxogos, o manga e o anime. Pero tamén é un espazo onde buscar alternativas de ocio que comprenden dende obradoiros de arte, rol, pasando por xogos de mesa non convencionais, ata actividades sen pantalla.

Este evento ten tamén un carácter didáctico, onde profesionais de diferentes sectores (arte, ilustración, videoxogos, cosplay, tecnoloxía) comparten as súas habilidades e experiencias en charlas, mesas redondas ou talleres.

Un evento familiar para todo rango de idades, cun programa de actividades amplo para todos os gustos: concursos de Cosplay ou K-Pop, torneos en consolas, realidade virtual, deportes como a esgrima ou o kendo, proba de videoxogos independentes e ata un concerto musical con banda sonora de películas, series e videoxogos.

Este evento é posible grazas ó apoio do **Concello de Pontevedra**, os **patrocinadores**, **colaboradores** e todo o **equipo organizativo con tod@s @s voluntari@s**.

Nace dende unha pequena asociación que empezou en 2016 con catro ordenadores. Seis anos máis tarde, en 2022, decidiu soñar ao grande e facer un evento lúdico en Pontevedra, conseguindo 3.000 asistentes na primeira edición.

Grazas por asistir ó noso pequeno proxecto, que cada ano vaise facendo máis grande :)

ÍNDICE


MAPA POR ZONAS	3
MAPA DE STANDS	4
PLANTA 1	5
PROGRAMACIÓN: SÁBADO 12	6
PROGRAMACIÓN: DOMINGO 13	8
INVITADOS	10
MESAS REDONDAS	15
SALÓN DE ACTOS	16
ZONA PCs / ZONA CONSOLAS	18
ZONA FIGHTING GAMES / ZONA RETRO-ARCADE	19
LISTADO DE TORNEOS	20
ZONA INDIE	22
ZONA XOGOS DE MESA	25
MESA DE CREADORES GALEGOS	27
ZONA STAR WARS / ZONA IDOL GAMES	31
ZONA CARD GAMES	33
ZONA PONTELABS / ZONA MINI CARREIRAS 4WD	36
ZONA XOGO EN VIVO / ZONA TALLERES	37
LISTADO DE TALLERES	39
ZONA K-POP	40
ZONA VR & SIMRACING / ZONA EGL LOLITA	42
ZONA KENDO / ZONA DESCANSO	43
POSTOS DE COMIDA	44
COLABORADORES E PATROCINADORES	45
INFORMACIÓN IMPORTANTE	49
CÓDIGO DE CONDUCTA	50



MAPA POR ZONAS

- 1 ZONA XOGOS DE MESA
- 2 SALÓN DE ACTOS
- 3 VESTIARIOS COSPLAY
- 4 SEMINARIO 1
- 5 ZONA STAR WARS
- 6 CÁMARA 360°
- 7 ESCENARIO
- 8 PHOTOCALL
- 9 MESA DE INSCRICIÓN
- 10 ZONA EGL LOLITA
- 11 ZONA PONTELABS
- 12 STANDS
- 13 ZONA VR & SIMRACING


- 14 ZONA CONSOLAS
- 15 ZONA CARD GAMES
- 16 ZONA RETRO-ARCADE
- 17 ZONA INDIE
- 18 ZONA TALLERES
- 19 ZONA XOGO EN VIVO
- 20 ZONA FIGHTING GAMES
- 21 ZONA MINI CARREIRAS 4WD
- 22 ZONA PCs
- 23 ZONA IDOL GAMES
- 24 ZONA DESCANSO
- 25 ZONA KENDO
- 26 ZONA K-POP




MAPA STANDS

ARTISTAS E COMERCIAIS

ENTRADA



1	Manueki	17	Cascuda	33	polkadots	49	Rat company
2	Rea	18	Sarai Lorenzo	34	Missalioli	50	Be gentle we are shy
3	Hantzie	19	Jackussy	35	Anartquia	51	Arkevp
4	_alys_random	20	Gatcelot & Saturni Idae	36	whataprince & Caqui garabatos	52	Charky & Latte
5	Taippen	21	Aquaxtic	37	Abesti & Sakebi	53	nailurus
6	ZASHUART	22	AngieLaura & Adri	38	XenArt & 3ays	54	Mieira Ilustra
7	Risu	23	Der_Herr_	39	LIMBO	55	Kyaritsu & Larareyart
8	SNIP·SNIP Studio	24	Lilium Art	40	Katsuvy	56	Sapos e Culebras
9	Marten Dumpster & Calpurnia	25	ONİYURI KOBO	41	exel.paint	C1	ReplayGames
10	Lou Korlov	26	BLUESPECTRUM & VELVETDEMON	42	hyejuswolf & sxwomi	C2	Nanako Coffee
11	KoriToHi	27	ssottix & uwuntu	43	Belén Diz	C3	VicArt Taller Creativo
12	Yai	28	Sally D'Triz	44	Itikichi & Caos y entropía	C4	Mononoke Manga
13	Tomotoad	29	Iván Valladares	45	wikinshi	C5	Wabi Style
14	TanukyArt	30	Aranfayfa	46	loulahey	C6	Frikiland
15	Uxía Franri	31	Dessxericas & Gashadokuroz	47	Eternalverse Games	C7	Gáidil
16	Djineta	32	Airyn Novales	48	tsukinoshoujo	C8	Percalandia



- 1 ZONA XOGOS DE MESA
- 2 SALÓN DE ACTOS
- 3 VESTIARIOS COSPLAY
- 4 SEMINARIO 1

SÁBADO

SALÓN DE ACTOS

- 16:00 Esgrima: exhibición de combates
- 17:00 Concurso de Cosplay Desfile moda lolita

ZONA XOGOS DE MESA

- *Xogo libre e demos *Rol
- *Mesa de creadores galegos
- *Torneos rápidos familiares
- *Rol en vivo: "El enigma del otro mundo"
- 10:30 Torneo · Warhammer Age of Sigmar
- 16:00 Torneo · Catan

VESTIARIOS COSPLAY

- 15:30 Avaliación dos traxes de Cosplay para o Concurso

SEMINARIO 1

- 18:00 Taller · Crea a túa tenda online desde cero

WordPress.com

necesario traer portátil!!

DOMINGO

SALÓN DE ACTOS

- 16:00 Actuación musical por Yello
- 17:30 Kendo: exhibición de combates

ZONA XOGOS DE MESA

- *Xogo libre e demos *Rol
- *Mesa de creadores galegos
- *Torneos rápidos familiares
- 16:00 Taller · Pintura de miniaturas



* actividades sen horario definido que duran todo o día



ZONA CONSOLAS · Torneos

*Xogo libre

16:00 Mario Kart World

16:30 Duck Game

18:00 EA Sports FC 26

18:30 Street Fighter 6

ZONA FIGHTING GAMES · Torneos

10:30 Smash (singles) *inscripción pechada*

ZONA XOGOS DE MESA · 1ª planta

*Xogo libre e demos *Rol

*Mesa de creadores independentes

*Torneos rápidos familiares

*Rol en vivo: “El enigma del otro mundo”

10:30 Torneo · Warhammer Age of Sigmar

16:00 Torneo · Catan

ZONA CARD GAMES

*Xogo libre

*Iniciación: Magic, Pokémon TCG / VGC e Riftbound (LoL)

*Magic - Commander Party

11:00 Magic - Pauper: clasificatoria liga galega

11:30 Riftbound - Nexus Challenge 1vs1

ZONA INDIE

*Xogos de: Godoteires, Conxuro Studio, Nine Bites, Dreamscape Games, Melgo Cinema, Ninguen Studio, Under Castle e Virtual Seed

* actividades sen horario definido que duran todo o día

ZONA PCs · Torneos

*Xogo libre

12:30 LoL *máx 8 equipos* *patrocinado por Código Oculto*



12:30 Valorant *máx 8 equipos* *patrocinado por Área 60*



16:30 TFT

SALÓN DE ACTOS · 1ª planta

16:00 Esgrima: exhibición de combates

17:00 Concurso de Cosplay Desfile moda lolita

ZONA VR & SIMRACING

*Xogo libre de: Microsoft Flight Simulator · Blade & Sorcery · Roboquest · Beat Saber · Asetto Corsa

ZONA TALLERES

*Actividades libres: Pinta o teu cartel da Lérez Up · Deseña a túa máscara · Pinta o teu Wapuu

13:00 Origami

15:00 Selos personalizados

16:00 Shikishis con rotuladores

17:00 Supera o monigote: a túa primeira cara anime paso a paso

18:00 Crea a túa carta Pokémon 3D

SEMINARIO 1 · 1ª planta

18:00 Taller · Crea a túa tenda online desde cero



necesario traer portátil!

ZONA PONTELABS

*Exposición de proxectos tecnolóxicos e 3D

ZONA RETRO-ARCADE

*Xogo libre en consolas retro e nas arcade WACCA, GITADORA, PUMP IT UP, SOUND VOLTEX



ZONA KENDO

*Ven probar o kendo

ZONA XOGO EN VIVO

*Actividades sen pantalla. *Gaming feito a man*: Jenga xigante, Nerf ou Tetris

*Xogo en vivo: “O mando único”

ZONA ESCENARIO

12:00 *Cosplay en Xapón: eventos, normas culturais e como vivir a experiencia*

13:00 *Comando Cosplay: Podcast en directo*

15:00 *Adiviña a música do videoxogo*

16:00 *Game Jams: Guía para sacarles o máximo proveito*

17:00 *Mesa redonda Desenvolvemento de videoxogos: O día a día dun estudo indie*



18:00 *Introdución e método ó debuxo dixital*

19:30 *Non xogues só: O poder da colmea*



ZONA STAR WARS

*Asaltos libres

11:00 *Taller · Crea o teu propio sabre de luz*

16:00 *Clase · Coreografías con sabres de luz*

17:30 *Torneo · Duelos de sabre de luz*

ZONA EGL LOLITA

17:00 *Tea party*

*Photocall e mostra de moda lolita

* actividades sen horario definido que duran todo o día

ZONA K-POP

11:00 *Random Dance*

12:00 *Xogos tradicionais*

13:00 *Xogo das cadeiras + Rosco K-Pop*

14:00 *Proxección: ‘Ateez world tour 2022 the fellowship: beginning to end’*

15:00 *Baile por equipos*

16:00 *Quiz K-Pop: Adiviña a canción*

17:00 *Charla + Q&A: Guía para fans de K-Pop*

18:00 *Random Dance*

20:00 *Tempo libre*

ZONA MINI CARREIRAS 4WD

11:00 *Monta o teu coche e proba a pista!*

15:00 *Carreiras con coches de stock*

16:00 *Xogo libre*

ZONA IDOL GAMES

11:00 *Bingotaku*

12:00 *Quen quere ser Frikinario?*

13:00 *Audiotrivial*

14:00 *Ultrastar libre*

15:00 *Adiviña a personaxe*

16:00 *Cal é este Pokémon?*

17:00 *Torneo Ultrastar*

20:00 *Ultrastar libre*





ZONA CONSOLAS · Torneos

*Xogo libre

16:00 Mario Kart World

ZONA FIGHTING GAMES · Torneos

10:30 Smash (teams) *inscripción pechada*

16:00 Tekken 8

17:00 Guilty Gear Strive

18:00 2XKO

ZONA XOGOS DE MESA · 1ª planta

*Xogo libre e demos *Rol

*Mesa de creadores independentes

*Torneos rápidos familiares

10:30 Torneo · Warhammer Age of Sigmar

16:00 Taller · Pintura de miniaturas

ZONA CARD GAMES

*Xogo libre *Magic - Commander Party

*Iniciación: Magic, Pokémon TCG / VGC e Riftbound (LoL)

11:00 Copa de Liga TCG

11:00 Copa de Liga VGC + Challenge

11:00 Riftbound - Nexus Challenge 2vs2

17:00 Torneo Gym Leader

ZONA RETRO-ARCADE

*Xogo libre en consolas retro e nas arcade
WACCA, GITADORA, PUMP IT UP, SOUND VOLTEX

* actividades sen horario definido que duran todo o día

ZONA PCs · Torneos

*Xogo libre

16:00 Fortnite

SALÓN DE ACTOS · 1ª planta

16:00 Actuación musical por Yello

17:30 Kendo: exhibición de combates

ZONA VR & SIMRACING

*Xogo libre de: Microsoft Flight Simulator · Blade & Sorcery · Roboquest · Beat Saber · Assetto Corsa

ZONA TALLERES

*Actividades libres: Pinta o teu cartel da Lérez Up ·
Deseña a túa máscara · Pinta o teu Wapuu

13:00 Crea a túa carta Pokémon 3D

16:00 Origami

17:00 Pinta a túa medalla Pokémon

18:30 Ilustración en B&N: Creación de
pesadillas silvestres

ZONA PONTELABS

*Exposición de proxectos tecnolóxicos e 3D

12:00 Taller · Pinta a túa figura Pokémon 3D

17:00 Taller · Pinta a túa figura Pokémon 3D

ZONA INDIE

*Xogos de: Godoteires, Conxuro Studio, Nine Bites,
Dreamscape Games, Melgo Cinema, Ninguen
Studio, Under Castle e Virtual Seed19:00 Premio ao Mellor xogo indie
da Lérez Up 2026



ZONA KENDO

*Ven probar o kendo

ZONA XOGO EN VIVO

*Actividades sen pantalla. *Gaming feito a man*: Jenga xigante, Nerf ou Tetris

*Xogo en vivo: "O mando único"

ZONA ESCENARIO

12:00 Reservas en cafés temáticos e entradas para concertos na túa 1ª viaxe a Xapón

13:00 Deseño e creación de props 3D

15:00 Mesa redonda Arte: Da idea ao evento. Facer da túa arte un proxecto

16:00 Kendo. O camiño da espada

19:00 Que é a moda lolita?

ZONA STAR WARS

*Asaltos libres

11:00 Taller · Crea o teu propio sabre de luz

16:00 Clase · Coreografías con sabres de luz

ZONA EGL LOLITA

17:00 Tea party

*Photocall e mostra de moda lolita

* actividades sen horario definido que duran todo o día

ZONA K-POP

11:00 Random Dance *por xeracións*

12:00 Adivina o idol Quen e quen?

13:00 Random Dance

14:00 Proxección: 'Ateez - The fellowship Break the Wall in Seoul'

15:30 Hora límite para confirmar inscrición ó Concurso

16:00 Organización e ensaios previos ó Concurso

17:00 Concurso de Baile

ZONA MINI CARREIRAS 4WD

11:00 Proba de pista e adestramentos

14:30 Paso revisión para carreira B-max

16:00 Carreira B-max

17:00 Carreiras con coches de stock Xogo libre

ZONA IDOL GAMES

11:00 A ou B?

12:00 Batata quente

13:00 Onde te sentaches?

14:00 Just dance libre

15:00 Moshi Moshi?

16:00 Torneo Just dance

19:00 Just dance libre



INVITADOS • COSPLAY



Hantzie

Desde **Portugal**, chega Hantzie á Lérez Up!

Cosplayer desde 2022, Hantzie é un gran apaixonado do anime, polo que gran parte dos seus cosplays están inspirados en personaxes das series que máis lle gustan e coas que se sente identificado.

Ademais, emprega os seus coñecementos en **modelado 3D** para crear **os seus propios props e accesorios**, traballando principalmente con impresión 3D e compartindo os seus deseños a través da súa tenda dixital.

Charla (escenario)

Deseño e creación de props 3D

domingo ás 13:00h



Manueki

Leva no mundo do cosplay dende 2017 e desenvolvéndose en diferentes áreas como a **confección de traxes, propmaking** e ata a **posta de escena**.

A súa faceta de actor permitiulle perfeccionar as súas actuacións, gañando numerosos premios en eventos como a Metropoli Comic Con, e destacando o segundo posto no spanish runner-up 2026 no ámbito do cosmaking, quedando como representante suplente de España.

Charla (escenario)

Comando Cosplay, podcast en directo

sábado ás 13:00h



Rea

Rea viaxa desde a **República Checa** para formar parte da Lérez Up!

Apaixonada de sagas como NieR, Final Fantasy e os xogos de HoYoverse con máis de 10 anos de experiencia no mundo do cosplay.

Rea participou en eventos internacionais e en proxectos por varios países, incluíndo o World Cosplay Summit.

Charla (escenario)

Cosplay en Xapón: eventos, normas culturais e como vivir a experiencia

sábado ás 12:00h

INVITADOS • TECNOLOXÍA E VIDEOXOGOS



Adrián



Adrián Suárez Mouriño é **profesor** nos másteres e graos de deseño, arte e desenvolvemento de videoxogos de **UNIR**. Dirixe o podcast **Nuevebits** e colabora como redactor en medios especializados como **3DJuegos**, **Manual** e **GTM**. Como autor publicou, entre outros, **Los Secretos de las Tierras Intermedias: Más allá de Elden Ring** e a novela **Que se mueran los gamers**.

sábado ás 17:00h

Mesa redonda (Escenario)

O día a día dun estudo indie



Ana Cirujano



Ana é **deseñadora de interfaces de negocio digital**. É especialista en WordPress, WooCommerce e deseño para produtos que funcionan con Intelixencia Artificial (como Ploogins).

Desde o seu estudio en Torrelodones (Madrid) **axuda a negocios online de todo o mundo a fortalecer a súa marca**, mellorar a experiencia de usuario e obter mellores resultados.

Contribúe a WordPress desde 2017, para axudar a mellorar o software e que máis persoas poidan desfrutar do seu uso.

sábado ás 18:00h

Taller (Seminario 1 · 1ª planta)

Crea a túa tenda online desde cero



Wajari



Wajari é un consultor SEO cun nome raro. Freelance con máis de 10 anos de experiencia.

Podes encontralo en Wajari.com. **Dá clases de SEO e WordPress na Universidade de Vigo e na Xunta de Galicia**. Colabora na **organización de grupos de WordPress en Galicia e a nivel europeo (WCEU)**. Encántalle a tecnoloxía, a web e a formación.

Ademais, é un cociñeiro fantástico, dáselle moi ben a xardinería e repartir larpeiradas en ponencias.

sábado ás 19:30h

Charla (Escenario)

Non xogues só: O poder da colmea



Concepción

Concepción González é **Directora de Localización en Scopely** e conta con **máis de 15 anos de experiencia na industria do videoxogo**. Ao longo da súa carreira traballou en localización, desenvolvemento, produción e dirección de equipos en compañías como Ubisoft, Blizzard, EA e Square Enix. É tamén autora do libro ***Game Jams: Guía para sacarles o máximo proveito***.

sábado ás 16:00h

Charla (Escenario)

Game Jams: Guía para sacarles o máximo proveito

MESA REDONDA GAME DEV

sábado ás 17:00h

Escenario



Danae

Danae Romero é graduada en Belas Artes en Pontevedra e cun mestrado en Videoxogos en Ferrol, forma parte de **Virtual Seed**, onde traballa no desenvolvemento de ***After Juice: Animal Disco Mafia***, ocupándose de tarefas de produción, arte e guión. Tamén colaborou como guionista en ***Katana Dragon*** de **Tsunoa Games** e como produtora en ***Brave Zebra***.



Mariola

Mariola é unha aficionada aos videoxogos dende que é nena. Durante a súa adolescencia e parte da adultez o seu tempo o dedicou ao rol de mesa. Trala pandemia e tras diversas circunstancias persoais, volveu aos videoxogos e con forza, tanto escribindo sobre eles coma creándolos. Actualmente é a **xefa de redacción de Orgullogamers** e a **presidenta da Asociación Godoteires**.



Roberto

Roberto Alvite é **produtor executivo, guionista e director** en **Melgo Cinema**, produtora coruñesa fundada en 2018 que desenvolve proxectos de cine e videoxogos en diferentes formatos e xéneros. Entre os seus traballos destacan a longametraxe ***As tres outras vidas de María Santiso*** e a novela visual ***Ti Primeiro***. Actualmente traballa no desenvolvemento de ***Camino Kaput***, un videoxogo en 2D ambientado no Camiño de Santiago que chegará a PC, iOS e Android a finais de 2026.

INVITADOS • ARTE E CULTURA

MESA REDONDA ARTE

domingo ás 15:00h

Escenario



_Alys_random

Artista autodidacta de Vigo e creadora de contido desde hai 6 anos. A Alys **encántalle demostrar que calquera pode debuxar se lle ensinan con paciencia**. Tras debutar o ano pasado na zona de artistas, volve nesta edición para compartir a súa experiencia, romper o mito do talento e axudarche a dar os teus primeiros pasos artísticos!

sábado ás 17:00h

Taller (Zona Talleres)

Supera o monigote: a túa primeira cara anime paso a paso



Cascuda

Cascuda estudou Deseño Gráfico en Lugo e leva varios anos traballando como ilustradora freelance. Realizou **encargos de ilustración para contos**, así como deseño de cubertas para libros. Traballa cunha paleta limitada, principalmente en branco e negro, e os temas que aborda dan lugar a unha **obra de carácter sombrío e tétrico**, pero tamén **melancólico** e próximo de certo xeito.

sábado ás 18:30h

Taller (Zona Talleres)

Ilustración en B&N: Creación de pesadillas silvestres



Sarai Lore

Sarai Lorenzo é unha ilustradora de Cangas formada en Belas Artes e especializada en libro ilustrado e animación audiovisual. En 2024 publicou **o seu primeiro cómic**, “Erea e as agullas máxicas”, e actualmente combina a ilustración co arte 2D para videoxogos e animación. Tamén traspasa as súas ilustracións a gravado e cerámica, técnicas que lle apaixonan e emprega con frecuencia na súa obra.

sábado ás 15:00h

Taller (Zona Talleres)

Selos personalizados



Uxía Franri

Uxía é unha **ilustradora infantil e xuvenil** de Vigo que combina o **cómic occidental** e o **manga** nun estilo inspirado no **mundo onírico, os mitos e a natureza**.

Desde a primeira edición da Lérez Up participa en diferentes eventos frikis, desde Pontevedra ata Suíza, levando consigo as súas ilustracións e unha gran variedade de produtos cos seus deseños.



RISU

Risu é unha **ilustradora alemá** apaixonada polo J-Pop, o anime, os videoxogos e a cultura xaponesa. Na súa primeira **viaxe a Xapón** asistiu a 16 concertos e 7 cafés temáticos. Agora quere amosar que calquera pode conseguir reservas incluso nos lugares máis difíciles e axudar a facer das viaxes a Xapón unha experiencia extraordinaria.

sábado ás 12:00h

Charla (Escenario)

Reservas en cafés temáticos e entradas para concertos na túa 1ª viaxe a Xapón



Taippen

Taippen é un **ilustrador dixital** e **artista 3D** namorado da iluminación dramática, sempre presente nos seus traballos de estilo semirrealista. Ten experiencia en deseño de personaxes, participando en proxectos colaborativos e expoñendo en galerías no estranxeiro.

sábado ás 18:00h

Charla (Escenario)

Introdución e método ó debuxo dixital



Yello

Compositor, cantante e produtor que leva trasteando con instrumentos musicais desde os 3 anos. É coñecido polos seus **remixes de temas de videoxogos** así como pola súa música orixinal, con influencias de moitos estilos distintos como o jazz, o funk, música electrónica, e ata orquestral.

sábado ás 15:00h

Escenario

domingo ás 16:00h

Salón de actos

Adiviña a música do videoxogo

Actuación musical



Zashuart

Zashu é unha **ilustradora e artista de merchandising** freelance española, cunha traxectoria de máis de cinco anos en eventos e convencións. O seu traballo está especialmente ligado ao anime, os videoxogos e as novelas visuais, que transforma en ilustracións e produtos cheos de cor e detalle.

sábado ás 16:00h

Taller (Zona Talleres)

Shikishis con rotuladores

MESA REDONDA 'O día a día dun estudo indie'



Adrián



Danae



Mariola



Roberto

sábado 12 ás 17:00h · Escenario

Catro profesionais do sector compartirán as súas experiencias e falarán dos **retos de desenvolver un videoxogo, sacar adiante un estudo e facerse un oco nunha industria cada vez máis competitiva.**

MESA REDONDA

'Da idea ao evento: como empezar a vivir da túa arte'



_Alys_random



Cascuda



Sarailore



UXÍA FRANRI

domingo 13 ás 15:00h · Escenario

Catro artistas poñen en común as súas experiencias persoais e profesionais sobre **como empezar o teu propio emprendemento e empezar a moverte por diferentes eventos para mostrar a túa arte.**

ooo



salón de actos



Un dos puntos principais da Lérez Up, con exhibicións de combate de kendo e esgrima, desfile de moda lolita, actuación musical de Yell0 e o gran Concurso de Cosplay



Xurado e gañadores do Concurso de Cosplay (IV edición da Lérez Up)

O Concurso de Cosplay é unha das actividades máis destacadas da Lérez Up. O certame está aberto tanto a cosplayers con experiencia como a persoas que se animen por primeira vez a participar neste tipo de concursos

A competición desenvólvese sobre o escenario ante un público de máis de 300 persoas e ten en conta tanto o deseño, elaboración e acabado dos traxes como a interpretación e posta en escena dos personaxes



Xurado e participantes do Concurso de Cosplay (IV edición da Lérez Up)



Exhibición de Kendo



Desfile de moda lolita



Actuación musical por Yello

Se che gustan os xogos en ordenador,
aquí atoparás torneos e partidas abertas para tod@s

ooo



Zona PC's
patrocinada por PCBOX



Un espazo dedicado aos videoxogos de consola, con torneos, xogo libre
e diferentes actividades para todos os públicos

ooo



zona consolas





ooo

Zona Fighting Games

Un espazo onde, ademais dos torneos Rivals of Aether 2, Tekken 8, Guilty Gear Strive e 2XKO, se xogará o torneo nacional de Super Smash Bros Ultimate, que atrae cada ano afeccionados de todas partes de España e Portugal





ooo

Zona Retro-arcade

patrocinada por WordPress.com



Descubre unha selección de recreativas xaponesas e unha zona retro con clásicos como Metal Slug, Guitar Hero, Time Crisis, Tetris e moitos máis. Ademais, poderás gozar de máquinas como WACCA, Sound Voltex, Gitadora e Pump It Up durante toda a fin de semana

TORNEOS

Sábado 12

10:30

Smash (singles)

zona Fighting Games · inscripción pechada

12:30

LoL

zona PCs · máx 8 equipos

patrocinado por
Código Oculto



12:30

Valorant

zona PCs · máx 8 equipos

patrocinado por
Área 60



16:00

Rivals of Aether II

zona Fighting Games · inscripción pechada

16:00

Mario Kart World

zona Consolas

16:30

TFT

zona PCs

16:30

Duck Game

zona Consolas

17:00

Ultrastar

zona Idol Games · inscricións na propia zona

18:00

EA Sports FC 25

zona Consolas

18:30

Street Fighter 6

zona Consolas

- TORNEOS DE SMASH E ROA TEÑEN INSCRICIÓN PREVIA: o resto, cada xogador / equipo deberá facelo no propio día de cada torneo, na **mesa de inscricións**
- tamén haberá **xogo libre** mentres non haxa torneos
- consulta **AS REGLAS** online / na mesa de inscricións
- podes traer **os teus periféricos** para xogar, asegúrate de que funcionan correctamente!
- o **torneo de Fortnite** xogarase **só en PC** e utilizaranse as contas proporcionadas pola organización
- todos os torneos teñen **premio** sorpresa

TORNEOS

Domingo 13

10:30

Smash (teams)

zona Fighting Games · inscripción pechada

16:00

Fortnite

zona PC's

16:00

Mario Kart World

zona Consolas

16:00

Tekken 8

zona Fighting Games

16:00

Just Dance

zona Idol Games · inscricións na propia zona

17:00

Guilty Gear Strive

zona Fighting Games

18:00

2XKO

zona Fighting Games

- TORNEOS DE SMASH E ROA TEÑEN INSCRICIÓN PREVIA: o resto, cada xogador / equipo deberá facelo no propio día de cada torneo, na **mesa de inscricións**
- tamén haberá **xogo libre** mentres non haxa torneos
- consulta **AS REGLAS** online / na mesa de inscricións
- podes traer **os teus periféricos** para xogar, asegúrate de que funcionan correctamente!
- o **torneo de Fortnite** xogarse **só en PC** e utilizaranse as contas proporcionadas pola organización
- todos os torneos teñen **premio** sorpresa

ooo



zona indie

patrocinada por UNIR

unir
LA UNIVERSIDAD
EN INTERNET



A zona indie concentra a desenvolvedores e especialistas do sector dos videoxogos, así como os seus proxectos e propostas independentes.



Premio o Mellor xogo indie da IV Lérez Up - Team Kaulu co xogo *Renegade Jammer*



Asistentes ó evento probando os diferentes proxectos



Cada videoxogo independente comeza cunha idea e moitas horas de traballo. Detrás de cada proxecto hai persoas que programan, deseñan, ilustran, crean música ou desenvolven novas mecánicas para converter unha idea nunha experiencia xogable. **UNIR** apoia este talento poñendo á disposición das persoas asistentes unha oferta de graos e másteres oficiais relacionados co desenvolvemento de videoxogos, a animación, a arte dixital e outras disciplinas creativas. **Durante a Lérez Up, o seu equipo tamén ofrecerá asesoramento académico a todas as persoas que queiran orientar o seu futuro profesional cara á industria do videoxogo.**

INDIES

CREADORES DESTA EDICIÓN



PASAPORTE INDIE

A medida que vaías pasando por cada xogo, poderás marcalo no teu Pasaporte. Ao final do percorrido, vota polo teu favorito, así participarás nun sorteo sorpresa!

Ademáis, o estudo co xogo máis votado recibirá un Premio por parte de **UNIR**, como recoñecemento ao talento e á creatividade no desenvolvemento de videoxogos.



ooo



Zona Xogos de mesa

na 1ª planta



Un espazo dinámico con partidas libres, torneos e actividades para todas as idades. Descubre xogos novos da man de Rotting Pizza, sempre dispostos a ensinarchos!

ROTTING
Pizza

Mesa de creadores galegos

durante toda a finde

Un espazo para novos talentos que achegan os seus prototipos de xogos

Rol

durante toda a finde

Partidas guiadas para persoas interesadas en aprender e para persoas con experiencia

Rol en vivo: “El enigma del otro mundo”

durante o sábado

Quedástevos encerrados nunha base militar no Ártico. Un helicóptero virá salvarvos, pero hai un problema... Non hai espazo para todos. Xuntos teredes que debater quen se irá e salvarán as súas vidas, e, aínda por riba, sabedes que un de vós foi infectado por un tipo de vida alienígena, así que coidado coa quen mandades de volta a casa

Taller · Pintura de Miniaturas

10 prazas

a partir dos 10 anos

domingo ás 16:00h

Gústache pintar e tamén as miniaturas para xogos de mesa? este é o teu taller!

Torneos rápidos familiares

durante toda a finde

Torneos relámpagos con sorteos entre os participantes

Torneo · Catan

16 prazas

sábado ás 16:00h

Xogo de estratexia onde os xogadores colonizan a illa de Catán, construíndo asentamentos, cidades e estradas para acumular puntos

Torneo · Warhammer Age of Sigmar

12 prazas

inscrición previa

sábado ás 10:30h

Un xogo de combate estratéxico ambientado nos Reinos Mortais, rexións case infinitas saturadas de potente maxia nas que formidables exércitos de soldados, bestas enormes e mesmo deuses loitan por territorio e poder

Xogo libre e demos

durante toda a finde

Poderás probar diferentes xogos de mesa: en familia, con amigos e mesmo en solitario! Ademais durante certos momentos do día faranse demostracións de xogos concretos

MESA DE CREADORES GALEGOS

Espazo de visibilidade para talento local e emerxente, con propostas moi diversas entre xogos de cartas, escape rooms, rol e máis!



Breogame



Currunchu Galego



Pregal Studios



Quimera Xogos



Realidade Alternativa



Patricia e Juan



Tomás Souto



Espinas e púas - *por Breogame*



Tribus do Alén - *por Breogame*

Dous xogos de rol de mans dos seus creadores, Miguel e Jose Luis Trassierra que te transportarán a mundos fantásticos onde terás que resolver misterios, loitar contra perigosos inimigos e conseguir os teus obxectivos custe o que custe



Apañá con maña - *por Currunchos galegos*

Un xogo onde faremos a colleita da nosa horta e meteremos todo nos cestos para levar a casa. Amodiño! Procurade que non caian os alimentos fóra do canastro



Mariscadoras - *por Currunchos galegos*

Neste xogo meterédesvos na pel das mariscadoras. Deberedes conseguir tres mariscos do mesmo tipo dentro da vosa "zona de pesca". Olo! Haberá furtivos que tenten roubarvos o marisco



Di unha palabra que coincida coas temáticas presentadas, e que cumpra con algunha das premisas das tarxetas azul celeste. Pódese xogar individual, competitiva e cooperativa

Neste xogo faranse preguntas para tentar adiviñar que personaxe da nosa mitoloxía ten a nosa contrincante



Un xogo de movementos ocultos onde serás a presa, ou os asasinos... Terás que intentar derrotar ao teu opoñente nunha batalla estratéxica crúa como nunca antes a viches nun xogo de mesa

O bosque máxico de Helendra é unha contorna cambiante habitada por animais fantásticos que os xogadores deberán colocar estratéxicamente para completar a súa condición de Vitoria



Tes terras? - por Quimera xogos

Tes terras é un xogo de compravenda de propiedades localizado no Morrazo no que teredes que combinar características das propiedades e mover cantos marcos faga falta para sumar 20 puntos



Crimen y misterio - por Patricia e Juan

Resolve crimes mediante pistas, lóxica e unha narrativa intrigante que te manterá en suspense ata o final



El enigma de otro mundo
- por Realidade Alternativa

Quedastes atrapados nunha base militar no Ártico e só hai sitio para algúns no helicóptero de rescate. Teredes que decidir quen se salva mentres intentades descubrir quen foi infectado por unha misteriosa forma de vida alieníxena!



El Pacto - por Tomás Souto

O mellor xogo de roles ocultos ambientado nos anos 20, ideal para xogar e traizoarvos entre o voso grupo de amigos e familia

ooo



Zona Star Wars



Participa no taller de creación de sabres de luz e desafía a outros Jedis en duelos e torneos!

Un espazo onde poderás participar en xogos de adiviñanzas e demostrar os teus coñecementos frikis. Audiotrivial, bingotaku, adiviña a personaxe, ou karaoke libre, e moitas sorpresas máis pensadas para a comunidade otaku

ooo



Zona Idol Games



A ou B?

Un xogador adiviña que opción prefire a maioría do público nunha pregunta de temática friki

Adiviña a personaxe

Os xogadores teñen que adiviñar cal é a personaxe da que se trata, a través dunha imaxe pixelada que se vai poñendo cada vez máis nítida

Audiotrivial

Consiste en adiviñar cancións (openings/endings de anime, banda sonoras de películas e xogos, etc.)

Bingotaku

Un bingo onde terás que marcar no teu cartón as imaxes frikis que vaian saíndo. Moita sorte!

Batata quente

O clásico xogo da patata quente. Pasa a "batata" respondendo a unha pregunta antes de que se acabe o tempo! A quen se lle "queme a batata", perde

Cal é este Pokémon?

Adiviña cal é o Pokémon a través de pistas

Moshi moshi?

O xogo do teléfono estropeado combinado con debuxos

Quen quere ser Frikinario?

O famoso 'quen quere ser millonario' pero con preguntas frikis

Torneo Just Dance

Os xogadores imitan as coreografías que aparecen na pantalla e son calificados según a precisión dos seus movementos

Torneo Ultrastar

Karaoke co xogo Ultrastar

Zona Card Games

por Percalandia, Gáidil e Magic Stride

Un espazo para xogar a diferentes modalidades de Magic e Pokémon, descubrir Riftbound (LoL) e competir nos torneos - como o **GRAN TORNEO CLASIFICATORIO LIGA GALEGA DE PAUPER**



CARD GAMES



Iniciación

turnos de 8 persoas

a partir dos 12 anos

durante toda a finde

Iniciación e sorteo dunha caixa de principiantes de superheroes entre tódolos que veñan aprender a xogar

Commander Party

Sáb: 24 prazas / Dom: 32 prazas

inscrición no evento

durante toda a finde

Inscricións 1 día 2€; 2 días 3€ · **evento especial Elder Dragon Highlander** · **Premios** por participar e sorteos por ronda (**Casual / Challenging / Competitive**)

Pauper · Clasificadorio liga galega

32 prazas

inscrición online

sábado ás 11:00h

Inscrición gratuita · **Decklist** en papel obligatoria
Premios: Plaza na final galega para o 1º e 2º e sobres de xogo ou cartas según participación

Xogo libre

durante toda a finde

Espacio de xogo libre para TCGs



Iniciación

8 prazas

a partir dos 12 anos

durante toda a finde

Iniciación e carta promo gratis por vir aprender xogar (ata esgotar existencias)

Nexus Challenge 1vs1 e 2vs2

16 prazas

inscrición online

sábado ás 11:30h e domingo ás 11:00

Inscrición gratuita. Sábado 1vs1; Domingo 2vs2. **Premios:** sobres de xogo según participación



Iniciación

a partir dos 8 anos

durante todo o sábado

Iniciación a Pokémon TCG e VGC. Non é necesario traer nada, e entregaranse **sobres e promos a todos os que participen!**

Copa de Liga TCG

16 prazas

inscripción online

domingo ás 11:00h

Inscripción: 10€. Torneo de Pokémon TCG con top cut, no que se entregarán de **premios 1 ETB de Pitch Black e tapete de gañador, un bundle de Primer Compañero de serie 3, e sobres de Pitch Black a repartir entre os compoñentes do top 4.** Ademais, os premios de cada categoría incluírán: 6 sobres de premio de serie 9 para o gañador, 5 para o 2º posto, 4 para o top 4, e 3 para o top 8

Copa de Liga VGC + Challenge

16 prazas

inscripción online

domingo ás 11:00h

Inscripción: 10€ para o cup e 5€ para o challenge. Torneos de VGC con top cut. **Premios en formato de bono tenda para gastar no propio stand ou na tenda física.** O inicio e formato do challenge dependerá do Cup

Torneo Gym Leader

16 prazas

inscripción online

domingo ás 17:00h

Inscripción: 6€. Torneo de Pokémon TCG en formato Gym Leader Challenge; 3 rondas de suizo ao mellor de 1. Entregaranse sobres de premio por participación, e sobres de colección segundo clasificación final. Ocorrerá de forma simultánea ao top cut da Cup

* info detallada nos formularios de inscrición



Creacións e proxectos feitos a man onde misturan diferentes artes e ferramentas como a impresión 3D ou a electrónica

ooo



Zona Pontelabs



ooo



Zona Mini carreiras 4WD



Nunca probaches un Mini 4WD? Esta é a túa oportunidade! O equipo de Gunpla Loompa estará na Lérez Up para ensinarche como funciona. Poderás poñer un coche na pista e velo correr a toda velocidade por un circuíto cheo de curvas e saltos

ooo

Zona Xogo en vivo



Participa no 'O mando único', a primeira experiencia narrativa da Lérez Up na que participa todo o mundo! Tamén podes desfrutar das actividades sen pantalla, o Gaming feito a man de Ocionautas: Jenga xigante, Nerf ou Tetris

ooo

Zona Talleres



Talleres creativos impartidos por diferentes profesionais do sector

TALLERES

sábado 12

11:00

Creación de sabres de luz

+13 anos
(menores de 13 acompañados)
20 prazas en grupos de 4

zona Star Wars

13:00

Origami

14 prazas

zona Talleres

15:00

Selos personalizados

16 prazas

zona Talleres

16:00

Shikishis con rotuladores

10 prazas

zona Talleres

17:00

Supera o monigote: a túa primeira cara anime paso a paso

16 prazas

zona Talleres

18:00

Crea a túa carta Pokémon 3D

+12 anos
16 prazas

zona Talleres

18:00

Crea a túa tenda online desde cero

 WordPress.com

necesario
traer portátil!

Seminario 1

- Inscripcións no propio evento, en cada zona correspondente. Todos os talleres son gratuitos, a excepción de **Creación sabres de luz** e **Pinta a túa figura Pokémon 3D**
- ACTIVIDADES LIBRES ZONA TALLERES (dispoñibles durante as horas sen talleres):
- Pinta o teu cartel da Lérez Up • Pinta o teu Wapuu (a mascota de WordPress.com) • Deseña a túa máscara

TALLERES

Domingo 13

11:00

Creación de sabres de luz

+13 anos
(menores de 13 acompañados)
20 prazas en grupos de 4

zona Star Wars

12:00

Pinta a túa figura Pokémon 3D

5 prazas

zona Pontelabs

13:00

Crea a túa carta Pokémon 3D

+12 anos
16 prazas

zona Talleres

16:00

Origami

14 prazas

zona Talleres

16:00

Pintura de miniaturas

+10 anos
10 prazas

zona Xogos de mesa

17:00

Pinta a túa medalla Pokémon

16 prazas

zona Talleres

17:00

Pinta a túa figura Pokémon 3D

5 prazas

zona Pontelabs

18:30

Ilustración en B&N: Creación de pesadillas silvestres

16 prazas

zona Talleres

- Inscripcións no propio evento, en cada zona correspondente. Todos os talleres son gratuitos, a excepción de **Creación sabres de luz** e **Pinta a túa figura Pokémon 3D**
- ACTIVIDADES LIBRES ZONA TALLERES (dispoñibles durante as horas sen talleres):
- Pinta o teu cartel da Lérez Up · Pinta o teu Wapuu (a mascota de WordPress.com) · Deseña a túa máscara

ooo



Zona K-POP

patrocinada por WordPress.com



WordPress.com



O fenómeno K-Pop volve á Lérez Up máis forte que nunca! Non te perdas o Concurso de Baile e un montón de actividades relacionadas coa cultura coreana



Gañadores do Concurso de Baile (IV edición da Lérez Up)



Participantes do Concurso de Baile (IV edición da Lérez Up)



Detrás de cada grupo de K-Pop hai moito máis ca unha coreografía. Hai creatividade, organización, deseño, edición de vídeo, fotografía, redes sociais e unha identidade propia construída con moito traballo. **WordPress.com** comparte esta forma de entender a creación de contido, ofrecendo un espazo onde artistas, creadores e comunidades poden mostrar os seus proxectos, contar a súa historia e conectar con persoas de todo o mundo. Apoiar esta zona tamén é unha forma de impulsar o talento novo e recoñecer que a creatividade non remata cando se baixa do escenario.



000



Zona VR e SimRacing

Proba os xogos de simulación e as gafas de realidade virtual nos xogos Microsoft Flight Simulator, Blade & Sorcery, Roboquest, Beat Saber e Asetto Corsa!

000



Zona EGL Lolita



Espazo dedicado á moda lolita, onde poderás visitar o seu photocall e stand con roupa e accesorios á venda. Ademais, poderás participar na súa festa do té, disfrutar dun desfile de moda no Salón de Actos e asistir a unha charla no Escenario para coñecer máis sobre este estilo.

ooo



Zona Kendo



Achégate ó mundo do kendo e proba esta arte marcial xaponesa! Non te perdas tamén a súa Exhibición de combates en directo dende o Salón de actos

ooo



Zona Descanso



Un espazo para facer unha pausa, recargar pilas e desfrutar das propostas gastronómicas nos nosos foodtrucks: croquetas, empanadillas, bocatas, nachos, ensaladas, bubble tea, hot dogs coreanos, baos, picoteo, postres e máis!



POSTOS DE COMIDA

A TIXOLA



CROKETAS D'



GTMINOLAS



MAR GONZÁLEZ



Postos con opciones



SEN GLUTEN



VEGETARIANO



VEGANO



ORGANIZADORES



ZONA K-POP

ZONA VR

ZONA TALLERES

ZONA PCs

ZONA FIGHTING GAMES

ZONA CONSOLAS



Gaming Troop é a única asociación de videoxogos galega con sede en Pontevedra. Organizadores da Lérez Up dende 2022, e nesta 5a edición volven organizar torneos, talleres e K-Pop en seis zonas diferentes. Estas zonas son para ti se es un amante dos videoxogos, da cultura coreana ou da arte.

Actividades: Lol · Valorant · Mario Kart World · Fortnite · Street Fighter 6 · Smash · Duck Game · e máis!

COLABORADORES

ZONA IDOL GAMES



Idol Games son un grupo de amigos que levan anos organizando actividades por una chea de eventos. Se eres fan do manga e o anime esta é a túa zona! Demostra que sabes máis que ninguén nos retos e actividades que teñen programadas.

Actividades: Torneo Just Dance · Karaoke · BingOtaku · Vodas Frikis · Audiotrivial · Cal é este Pokémon? · e máis!

ZONA XOGOS DE MESA



Rotting Pizza é a asociación lúdica para Pontevedra e para toda a galaxia. Alí onde van levan consigo xogos de mesa, wargames e todo tipo de material para loitar contra dragóns, explorar mundos imaxinarios e en xeral pasalo ben ata facer morrer de envexa aos propios orcos.

Actividades: Torneo de Catan · Rol · Mesa de creadores independentes · Taller de pintura de miniaturas · e máis!

ZONA CARD GAMES



Percalandia (a túa tenda friki de confianza pontevedresa) xunto a Magic Stride e Gáidil, encárganse de organizar torneos e actividades nunha zona que comprende Magic, Pokémon e Riftbound (LoL). Aprende a xogar nas diferentes modalidades ou participa nos torneos.

Actividades: Torneos Magic e Pokémon · Mesas de iniciación · Xogo libre · e máis!

ZONA FIGHTING GAMES



As comunidades galegas de Smash Bros e Tekken estarán presentes para organizar os torneos de ámbolos dous xogos. O torneo nacional de Smash é unha das actividades máis populares do evento, obtendo máis de 100 participantes nas últimas edicións. Tamén haberá torneos de Rivals of Aether II e Guilty Gear, organizados por GT.

Torneos Smash Bros · Tekken 8 · Guilty Gear · Rivals of Aether II · 2XKO

ZONA STAR WARS



Escuadron SAS é un pequeno grupo de artistas marciais coruñeses. Participaron en eventos desde antes da Gran Pandemia Galactica, e empezaron a crear as súas propias espadas hai máis de tres anos. Desde entón, van de evento en evento, ofrecendo os seus cachivaches á xente e o coñecemento sobre como usalos.

Actividades: Taller Crea o teu propio sable de Luz · Duelos · e máis!

ZONA MINI CARREIRAS 4WD



Tenda especializada en *Gunplas* (maquetas de robots de plástico para armar, basadas en vehículos e mechas do anime “Mobile Suit Gundam”) que viaxa por toda España a diferentes eventos desde 2018, ensinando o mundo das carreiras Mini4WD.

Actividades: Monta o teu coche e proba a pista · Carreiras con coches de stock · Xogo libre · e máis!

ZONA XOGO EN VIVO



Ocionautas é unha asociación dedicada a potenciar as iniciativas dos xóvenes e á coordinación do voluntariado. Todo un referente de A Estrada. Cunha filosofía "build gaming", estes rapaces construen a súa zona sen pantallas e actividades con materiais reciclados, con actividades lúdicas para todas as idades!

Actividades: Dinamización do rol en vivo “O mando único”

ZONA EGL LOLITA



Descubre todos os estilos da moda lolita da man da asociación Alén das Avelaíñas. Unha comunidade inclusiva, que acolle por igual a todas as persoas interesadas neste tipo de moda en Galicia, compartindo diferentes actividades culturais e de lecer.

Actividades: Desfile de moda lolita · Photocall e mostra de moda lolita

ZONA PONTELABS



Pontelabs é unha asociación pontevedresa que experimenta con tecnoloxías desde unha perspectiva aberta e colaborativa, abarcando Impresión 3D, corte Láser, Electrónica, Arte e moito máis. Todo é posible!

Actividades: Exposición 3D e electrónica · Taller Pinta túa figura Pokémon 3D

ZONA KENDO



Desde o Club de kendo de Vigo, Fuji Dojo, queren achegarvos o kendo á Lérez Up, unha antiga arte marcial xaponesa, que forma aos seus practicantes no manexo da espada.

Actividades: Exhibición de combates · Ven probar o kendo



No ano 2008 créase o Club Escola Hungaresa de Esgrima de Pontevedra, unha entidade deportiva de carácter social que nace co propósito de introducir e fomentar a práctica da esgrima en Pontevedra e a súa comarca.

Actividades: Exhibición de combates esgrima

PATROCINADORES



PATROCINADOR INSTITUCIONAL



PATROCINADORES PLATINO



PATROCINADOR OURO



PATROCINADORES PRATA



PATROCINADORES BRONCE



PATROCINADORES EN ESPECIE



INFORMACIÓN IMPORTANTE



- O horario de **apertura é de 11:00h a 21:00h o sábado 12** e de **11:00h a 20:00h o domingo 13**. Os smashers (pool a) están citados ás 10:30h o sábado e domingo; e os xogadores de Warhammer ás 10.30h o domingo.
- O prezo da **entrada anticipada** é de 7€ un día e de 10€ os dous. Terán un custo maior na taquilla (8€ e 12€ respectivamente). **Están exentos de pagar os menores de 6 anos** así como os **participantes que pagaron inscrición previa de torneos concretos** (como Warhammer ou Smash)
- Se mercáchedes as vosas entradas online, simplemente tedes que achegarvos ó mostrador e canxeala por unha pulseira co voso nome.
- A **ubicación da Lérez Up é o Recinto Feiral**, cerquiña do centro da cidade e a uns 20 minutos a pé das estacións. Tamén dispoñedes da **línea L1 de autobús urbano** dende alí ata a rúa de Alexandre Bóveda, xusto enfrente do Recinto.
- Na **mesa de inscricións** poderedes inscribiros ós **torneos** (zona Consolas, Pcs e Fighting Games) e ós **talleres** da Zona Talleres (tamén podes anotarte na propia zona).
- Podedes traer mando propio.
- Todos os torneos e concursos teñen premio.
- Haberá habilitadas unhas salas como vestiarios para os cosplayers na 1ª planta.
- Temos unha **consigna** no mostrador por se queredes deixar algunha cousa por 1€. Se asistes o taller de *Creación da túa tenda online*, podes deixar o teu portátil de forma gratuita.
- **Permítese a entrada con comida e bebida**, aínda que tamén temos unha zona de descanso con diferentes foodtrucks e barras de bebida.
- **NON se pode comer nas mesas de xogo ou actividades**, para iso está a zona de descanso.
- **Non está permitida a entrada a mascotas**.
- Non se pode acceder ó Recinto con patín, bicicleta ou similares, pero podedes deixala na entrada.

Pasádeo xenial e compartide as vosas opinións do evento con nós! :)

CÓDIGO DE CONDUCTA — LÉREZ UP

En Lérez Up cremos nunha comunidade segura, inclusiva e respectuosa.

Este Código de Conduta aplícase a todo o mundo que participa no evento: asistentes, colaboradores, expositores, staff, artistas, patrocinadores, prensa e voluntariado.

1. RESPECTO ANTE TODO

Tratamos a todo o mundo con amabilidade e respecto, sen importar o seu xénero, identidade ou expresión de xénero, orientación sexual, discapacidade, aparencia física, idade, raza, etnia, relixión ou nivel de experiencia.

2. COMPORTAMENTOS NON PERMITIDOS

Non toleramos ningún tipo de acoso, incluíndo pero non limitado a:

- Comentarios ofensivos (orais ou escritos).
- Imaxes sexualizadas, violentas ou degradantes.
- Intimidación deliberada ou contacto físico non desexado.
- Acoso (en persoa ou dixital).
- Discriminación ou burlas por calquera motivo.
- Alteración do normal desenvolvemento de actividades, torneos ou presentacións.

3. SE VES ALGO, DI ALGO

Se es testemuña ou vítima dunha situación incómoda ou perigosa, por favor achégate a calquera membro do staff (identificados con acreditación) ou no Punto de Información (mostrador da entrada). Tratarémolo con discreción, rapidez e seriedade.

4. CONSECUENCIAS

Calquera persoa que viole este Código poderá ser expulsada do evento sen reembolso e, se a situación requíreo, contactarase coas autoridades pertinentes.

5. UN ESPAZO PARA TOD@S

Lérez Up é un lugar para celebrar o que nos une: os videoxogos, o cosplay, o K-pop, a arte, a creatividade e a cultura alternativa.

Queremos que tod@s os sintades benvid@s, así que axudemos a crear xunt@s un ambiente san, divertido e seguro.

Grazas por formar parte da Lérez Up. A túa actitude constrúe o evento :)



